

Máis vale previr que lamentar

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

O inquilino perfecto



O réxime de propiedade, a pesar de ser a tendencia maioritaria, vai perdendo peso fronte ao alugueiro. Isto débese, en gran parte, á situación socio-económica da cidadanía española, á eliminación da dedución por investimento en vivenda habitual e tamén polas restricións e os requisitos exhaustivos que se establecen á hora de outorgar hipotecas e préstamos para a compra de vivendas e locais.

A inseguridade laboral tamén xoga un punto importante, xa que a falta de postos de traballo de longa duración fai que non consideremos comprar unha vivenda, non só por non poder facer fronte ao pagamento das cotas hipotecarias senón porque nunca se sabe "onde vai rematar".

O alugueiro colle peso e, polo tanto, soben os prezos, a maior demanda maior é o prezo, é a Lei da Oferta e a Demanda. As persoas que viven de alugueiro teñen como preocupación chegar a fin de mes, poder facer fronte a todos os gastos e manter a súa vivenda como o seu fogar o maior tempo posible, pero ante unha continxencia económica, non che queda outra que deixar de pagar, primeiro os "prescindibles", así ata chegar a algúns "imprescindibles" como é o alugueiro, haberá unha parte que cubra a fianza e, se non é así, xa te "botarán".

Tamén está a preocupación da parte arrendadora, teñen unha segunda vivenda, da que se fan cargo, quizais unha herdanza dos pais, ou a súa única vivenda que se tivo que deixar por un traslado, ou nun momento de bonanza unha parella tiña dúas casas, cada un a súa, ata que deciden vivir xuntos nunha delas e alugar a outra, seguen pagando a hipoteca, os impostos e o mantemento desta. Necesitan un extra para facer fronte a todo isto, queren alugar, necesitan alugar a vivenda, pero temen que lle esnaquicen a casa @s inquilin@s mal elixidos, ou que deixen de pagar o alugueiro e enriba teñan que facerse cargo de todos os gastos sen poder acceder á súa vivenda.

Actos vandálicos e non pagamento do alugueiro son as maiores preocupacións. Solución: o Seguro do Alugueiro, este seguro cobre a Defensa Xurídica en relación coa vivenda ou local asegurados, cobre os gastos e prexuízos económicos derivados do non pagamento da renda, e os danos materiais ocasionados pola parte arrendataria derivados de actos vandálicos.

Non podemos arranxar o mercado inmobiliario, pero si podemos poñer solucións ás maiores preocupacións que leva consigo. Achégate ás nosas oficinas e asesorámoste.

#E2K
BROKERNET

Red Nacional de Corredores de Seguros

Boletín Mensual
Nº 79 / Setembro 2019

Alguén da túa clase ten un alcume degradante?

"Suicidouse tras ser acosado nunha rede social. Unha nena de 10 anos creou con éxito un grupo en Facebook para humillar a unha compañeira da clase. Gravaron e publicaron unha malleira a outro rapaz. Rirse da gorda da clase..." (Testemuños ciberbullying.com)

Os teus fill@s volven ao colexio. Oíches falar do 'bullying' ou acoso escolar. É un maltrato psicolóxico, verbal, físico ou cibernético prolongado no tempo dentro dun centro educativo. 1 de cada 10 d@s nos@s fill@s padecen unha tortura continuada inflixida por compañeir@s cómplices ou indiferentes.

Seguro que queres publicar isto?

Sé observador/a, algo raro acontece cando os rapaces ou as rapazas teñen medo de ir ao colexio, descende o seu rendemento académico, dormen ou comen mal, non explican que lles acontece ou chegan á casa con negróns ou rabuñaduras.

Instagram activou unha alerta para disuadir @s acosador@s. O 42% d@s acosad@s recibiu ameazas por esta rede social. Desde este verán, advirte se realmente queren publicar unha mensaxe ofensiva: "a nosa misión é conectarte coas persoas e as cousas que amas".

Pod@s debemos extremar precaucións para detectar o *bullying*. Se se produce, fala co profesorado. A industria aseguradora tamén se sensibilizou con este asunto e xa existen Seguros de Fogar que inclúen asistencia xurídica para toda a familia e máis concretamente os Seguros de Protección Xurídica Familiar, tamén o fai a través dos Seguros de Saúde, onde se encontra a especialidade de psicoloxía. Se non os tes, consúltanos. Podemos axudar ao teu filla ou á túa filla.



“Agosto madura e setembro vendima a uva”



“Baixo a gran nogueira que caeu o tellado, os bodegueiros lavaban, cantando, as botas cun fresco, sonoro e pesado ruído de cadeas; pasaban os trasfegadores, núa a perna, coas xerras de mosto ou de sangue de touro, vivas e escumantes; e alá no fondo, baixo o alpendre, os toneleiros daban redondos golpes ocos, metidos na limpa labra olorosa...”

(Platero y yo, Juan Ramón Jiménez)

Estímase que 12.000 persoas se desprazarán a Francia para traballar como xornaleir@s na vendima.

En España a campaña abrangue case un mes de duro traballo regulado polas nosas autoridades e protexido polo sector asegurador.

Cos papeis en orde

Sarabia, avarías nas máquinas, traballadores lesionados... Son incidencias que podes anticipar doadamente. **Os seguros obrigatorios son:**

- Accidentes de convenio. Para accidentes de traballadores.
- Maquinaria agrícola. Calquera vehículo a motor (como un tractor) debe estar asegurado sempre, así como a maquinaria agrícola arrastrada (como un remolque). É obrigatoria a RC, por danos a terceiros.

Outros seguros aconsellables:

- RC de explotación (por reclamacións externas e roubo), patronal (desavinzas con traballadores) e produtos (con danos a terceiros).
- Seguro Agrario da Uva: cobre as inclemencias do tempo como a xeadada, o pedrazo e as inundacións. Non obstante, hai que ter moi en conta os prazos para contratar estas coberturas, xa que son limitados no tempo, precisamente polo tempo...

Setembro ule e sabe a viño. Que teñas boa colleita!

Demandar a Deus ou a un amigo por un apertón de mans

Xurxo ten 76 anos e Pedro 60. Ambos os dous son amigos, viven en Estados Unidos e están cordos. Aínda así, Xurxo demandou a Pedro por utilizar unha forza desmedida para estreitarlle a man e reclámalle unha indemnización de 100.000 dólares.

Un senador, tamén estadounidense e cordo, demandou a Deus por provocar nefastas catástrofes no mundo. A demanda foi admitida e, posto que Deus non podía presentarse ao xuízo, foron citados representantes de varias relixións e cultos.

Isto parécenos surrealista en España, pero o certo é que cada vez máis reclamamos e ningunha persoa está exenta dunha responsabilidade como a caída dun testeo do seu balcón enriba dun coche, actos nosos, d@s nos@s fill@s e/ou mascotas... por iso é importante ter un seguro de Responsabilidade Civil.



Terás problemas co teu seguro de coche se...

- Conduces tras inxerir alcohol ou drogas e tes un accidente.
- Levas máis pasaxeiros dos permitidos.
- Non renovaches a ITV.
- Conduce o teu coche unha persoa menor de 25 anos (inexperta e non declarada).

Nunca se lle debe mentir ao seguro. A compañía pode rescindir a póliza, perder o dereito de indemnización e, nalgúns casos, a fraude pode converterse mesmo nun delito tipificado no Código Penal que pode levar consigo ata penas de cárcere.



Anécdota

Investigación